

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 29/04/2021**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/04/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 25 de marzo e 5 de abril de 2021.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2021.

3. Toma de coñecemento do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de morosidade nas operacións comerciais do Concello e da Fundación de Deportes correspondentes ao 1º trimestre de 2021.

4. Ratificación do expediente de modificación de crédito por transferencia nº 10/2021 por reaxuste das novas operacións dentro da liña de actuación VLG_LA08_GENEOFER.

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para solicitar á Xunta de Galicia unha liña de subvencións para a compra de aparatos detectores de CO2.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación dun Plan Municipal de Saúde Mental POSCOVID-19.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a que axilice a modificación puntual do PXOM para a mellora da depuradora de Vilagarcía.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, BNG, Podemos-Marea da Vila, Ciudadanos e PP para regular a declaración de entidade ou asociación de especial interese ou utilidade pública.

10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

12. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

13. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 25 DE MARZO E 5 DE ABRIL DE 2021. Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de

rectificación das actas de datas 25 de marzo e 5 de abril de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) quedan aprobadas as actas das sesións anteriores de datas 25 de marzo e 5 de abril de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2021: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 3 Expediente Transferencia de Crédito
- 1 Expediente de Xeración de Créditos
- 4 Expediente de incorporación de remanentes
- 1 Marco orzamentario 2022-2024
- 2 Rectificación de expediente de transferencia de crédito
- 21 Resolución de primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Aboamento servizos prestados en festivos, domingos e noites
- 1 Nomeamento funcionario/a interino/a
- 1 Comunicación Xunta de Galicia substitución Interventora Xeral
- 1 Comunicación Xunta de Galicia substitución Secretaria Xeral
- 1 Pagamento Plan de Pensións febreiro 2021
- 3 Aboamento complemento por substitución posto de categoría superior
- 1 Aprobación pregos de cláusulas administrativas e técnicas
- 1 Aprobación proxecto de obras
- 1 Avocación de competencias
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de investimento
- 1 Estimación fallidos
- 1 Estimación ICIO
- 2 Desestimación outras solicitudes tributarias
- 9 Estimación/Desestimación rateo no IVTM
- 7 Estimación/Desestimación IVTM
- 12 Estimación Pagos Duplicados
- 4 Estimación compensación de débedas
- 2 Estimación recibos
- 17 Estimación/desestimación IBI
- 3 Estimación liquidacións e baixas
- 46 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
- 16 Estimación/desestimación IIVTNU
- 25 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
- 1 Comisións bancarias
- 7 Pago expedientes Intervención
- 5 Pago expedientes Tesourería
- 3 Pago de préstamos bancarios
- 1 Desestímulo comunicación de apertura de establecemento
- 1 Comunicación de apertura de establecemento
- 4 Comunicación cambio de titularidade de actividade
- 1 Comunicación de concertos
- 1 Dación de conta de resolución de augas de Galicia de usos privativos
- 4 Deber de conservación
- 3 Licenza de Terrazas de hostalería

- 2 Reposición da legalidade urbanística
- 3 Estimación/desestimación de recurso de reposición
- 1 Renuncia a comunicación previa para obras
- 1 Licenza para obras de ampliación na rede eléctrica
- 2 Licenza para instalación de piscina prefabricada
- 1 Legalización obras peche
- 1 Renuncia a expediente de legalización de toldo e rótulo
- 1 Arquivo de expediente de legalización de obras
- 2 Licenza de vao permanente
- 2 Licenza de obra menor
- 5 Licenza obras ampliación rede de telecomunicacións
- 1 Licenza para colocación de toldos
- 7 Licenza de obra maior
- 1 Arquivo de expediente de aumento de terraza hostalería
- 9 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida de auga e/ou saneamento
- 33 Comunicación previa para obras
- 1 Licenza para obras de urbanización

TOTAL:294

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2021. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe de morosidade previsto no artigo quinto, apartado cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 1º trimestre 2021 (1 de xaneiro a 30 de marzo de 2021), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	2.597.524,04	302.162,07
Investimentos reais	380.512,84	206.872,68
Outros pagos realizados por operacións comerciais	5.605,91	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	2.983.642,79	509.034,75

Xuros de demora pagados no trimestre:5.484,92

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	604.452,86	207.203,84
Investimentos reais	109.005,50	2.896,77
Outros pagos realizados por operacións comerciais	2.994,50	
Pendientes de aplicar a Orzamento	381.754,18	13.504,85
TOTAL	1.098.207,04	223.605,46

--	--	--

Período medio de pago: 39,67 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	111.697,14	0
Investimentos reais	59.945,20	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	171.642,34	0

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	29.541,76	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	1.023,46	
TOTAL	30.565,22	

Período medio de pago: 37,56 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- RATIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA Nº 10/2021 POR REAXUSTE DAS NOVAS OPERACIÓN DENTRO DA LIÑA DE ACTUACIÓN VLG_LA08_GENEOFER. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Mediante acordo plenario de 28 de xuño de 2018, por razóns de operatividades contemplouse a posibilidade de que sempre que fose preciso tramitar expedientes de modificación orzamentaria para a correcta execución de operacións financiadas dentro da estratexía Vilagarcia Avanza-fondos FEDER 2014-2, inda que con arreglo á lexislación vixente ditos expedientes fosen competencia do Pleno, sempre que as modificacións fosen dentro dun mesmo obxectivo temático, estas poderían aprobarse por resolución de alcaldía, quedando suxeita en todo caso a aprobación do expediente ratificación plenaria.

Mediante providencia de alcaldía iniciouse expediente Nº 10/TC/2021 de modificación de crédito por transferencia necesaria para o cambio de aplicacións presupostarias en cada proxecto de la Líña de Actuación VLG_LA08_GENEOFER para adapta-la ás actuacións que se van a realizar segundo as novas instrucións recibidas do Organismo Intermedio.

No informe de Intervención Municipal o citado expediente de modificación de crédito por transferencia Nº 10/TC/2021, indícase que o mesmo debe ser obxecto de ratificación plenaria por tratarse de transferencias entre ditintas áreas de gasto inda que dentro dun mesmo obxectivo temático DUSI.

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Ratificar a Resolución de Alcaldía de aprobación do expediente de modificación de crédito

por transferencia Nº 10/TC/2021 que contén as seguintes modificacións:

APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

LIÑA ACTUACIÓN	Pro.	Eco.	Descripción	Importe	PROXECTO
VLG_LA08_GENEOFER	341	6320017	INSTAL. DEPORTIVAS-INVER. REPO. EDIF.E CONST.FEDER AVANZA	30.896,80	2018-2-DUSI-7
TOTAL BAIXAS				30.896,80	

APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

LIÑA ACTUACIÓN	Pro.	Eco.	Descripción	Importe	PROXECTO
VLG_LA08_GENEOFER	334	6190017	CULTURA-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.-FEDER AVANZA	10.896,80	A Baldosa 2018-2-DUSI-7
	432	6190017	TURISMO-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.-FEDER AVANZA	20.000,00	Rutas Sendeirismo
TOTAL ALTAS				30.896,80	

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación do expediente de modificación de crédito por transferencia nº 10/TC/2021 por reaxuste de novas operacións dentro da liña de actuación VLG_LA08_GENOFER.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12) e Podemos-Marea da Vila (1) e sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Ratificar a Resolución de Alcaldía de aprobación do expediente de modificación de crédito por transferencia Nº 10/TC/2021 que contén as seguintes modificacións:

APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

LIÑA ACTUACIÓN	Pro.	Eco.	Descripción	Importe	PROXECTO
VLG_LA08_GENEOFER	341	6320017	INSTAL. DEPORTIVAS-INVER. REPO. EDIF.E CONST.FEDER AVANZA	30.896,80	2018-2-DUSI-7
TOTAL BAIXAS				30.896,80	

APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

LIÑA ACTUACIÓN	Pro.	Eco.	Descripción	Importe	PROXECTO
VLG_LA08_GENEOFER	334	6190017	CULTURA-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.-FEDER AVANZA	10.896,80	A Baldosa 2018-2-DUSI-7
	432	6190017	TURISMO-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.-FEDER AVANZA	20.000,00	Rutas Sendeirismo
TOTAL ALTAS				30.896,80	

Segundo: Expoñer ao público o expediente mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA UNHA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA A COMPRA DE APARATOS DETECTORES DE CO2. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 19 de abril de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de abril, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA UNHA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA A COMPRA DE APARATOS DETECTORES DE CO2

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aparición da COVID-19 vimos como certos sectores do noso tecido produtívose viron afectados dunha maneira máis grave que outros, facendo especial mención á hostalería e ao comercio de proximidade.

As medidas que se tiveron que tomar e os peches decretados para estes sectores, especialmente para o sector da hostalería fixeron que a situación de moitas familias que dependen destes negocios fose especialmente difícil durante estes 13 meses.

Máis aló de que a máscara de protección, o uso de xel hidroalcolico e a distancia son armas fundamentais para evitar contaxios, certo é que en espazos e ambientes pechados e de certa concorrencia de xente hai que analizar a aparición dos aerosois como principal causa de contaxio.

Os aerosois son partículas que están suspendidas no aire. Cando os humanos respiran, falan, cantan, tosen ou esbirran, asgotiñas respiratorias emitidas mestúranse no aire circundante e forman un aerosol. Debido a que as pingas máis grandes caen rapidamente ao chan, os aerosois respiratorios a miúdo descríbense como formados por pingas máis pequenas de menos de 5 micras, ou aproximadamente unha décima parte do ancho dun cabelo humano.

As pingas que son máis pequenas que 5 micras poden permanecer suspendidas no aire durante

moitos minutos ata horas porque o efecto de arrastre de aire en relación coa gravidade é grande. Ademais, o contido de auga das pingas portadoras de virus se evapora mentres están no aire, diminuíndo o seu tamaño. Mesmo se a maior parte do líquido se evapora dunha gotiña cargada de virus, a gotiña non desaparece; simplemente vólvese máis pequena, e canto máis pequena é a pinga, máis tempo permanecerá suspendida no aire. Debido a que as pingas de menor diámetro son máis eficientes para penetrar profundamente no sistema pulmonar, tamén presentan un risco de infección moito maior.

Entón, como podemos protexernos de estes aerosois en interiores e ambientes pechados?

As concentracións de aerosol pódense reducir cunha maior ventilación, aínda que se debe evitar a recirculación do mesmo aire a menos que o aire se poida filtrar de maneira efectiva antes da súa reutilización. Cando sexa posible, recoméndase abrir portas e xanelas para aumentar o fluxo de aire fresco. Neste caso é moi útil a guía da Escola TH Chan de Harvart de Saúde Pública, que se pode consultar no seguinte enlace:

https://drive.google.com/file/d/1_-5OPAmoiSB0oaa4vVUctYy4qVrR1r5q/view

Diminuír o número de fontes de emisión (persoas) dentro dun espazo e garantir que se usen cubertas faciais en todo momento pode diminuír aínda máis os niveis de concentración.

É importante medir a calidade do aire despois de ventilar e durante a ventilación. E o xeito máis doado e seguro é a través de detectores de CO₂. Grazas ao coeficiente de concentración do CO₂ no aire pódese saber si a ventilación de calquera aula é a adecuada. Por exemplo, unha concentración elevada de CO₂ é indicativa de que o aire que sae dos nosos pulmóns estase a acumular no ambiente e que é preciso unha maior ventilación.

E parece que a Xunta de Galicia tomou xa nota desa necesidade de coñecer a calidade do aire nos recintos pechados, pois na súa orde do 14 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na introdución do seu punto sétimo bis no seu apartado terceiro, fai referencia á necesidade de garantir nos establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante a correcta ventilación do local que se obxectivará a través do uso de dispositivos detectores de CO₂, dispositivos evidentemente que contén coa marcación CE.

Dende o Grupo Municipal Podemos-Marea da Vila consideramos esta medida como esencial para poder evitar a propagación de contaxios. Medida, xunto coas outras que veñen recollidas en dito punto sétimo bis, que se deben aplicar a outros negocios e a outros centros onde se dean actividades con certa concorrencia de xente.

Engadir que o uso de estes detectores de CO₂ se poden complementar co uso de filtros de aire de partículas de alta eficiencia (HEPA) en establecementos ou centros onde a ventilación non se poida levar a cabo dun xeito natural e no caso de non ser posible a redución de persoas en dita estancia.

Onde non parece que a Xunta tomou nota nesta orde nin nas anteriores e en tentar facilitar a adquisición de estes dispositivos medidores/detectores de CO₂ e na posible adquisición de filtros HEPA, pois salvo a obrigatoriedade de que os restaurantes dispoñan dos mesmos a partir do 23 de abril, en ningún caso se fai mención a ningunha liña de axudas ou subvencións para a adquisición de estes aparatos.

Dado que a Xunta solicita o imprescindible uso destes detectores de CO₂, o máis axeitado e complementario a dita imposición é facilitar a adquisición dos mesmos a través dunha liña de subvencións a cargo dos orzamentos da Xunta de Galicia, máis especificamente nas partidas destinadas á compra de material específico para loitar contra a COVID-19.

En base ao exposto, dende o Grupo Municipal Podemos-Marea da Vila propoñemos que o pleno de esta Corporación local aprobe os seguintes

ACORDOS

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que cree unha liña de subvención de concorrencia non competitiva para cubrir os custes da adquisición de detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA por parte dos sectores da hostalaría, do comercio local e de calquera PEME ou persoa autónoma que o solicite para o uso en locais de difícil ventilación e ambientes pechados onde se realice de xeito regular a súa actividade comercial e exista afluencia de persoas no mesmo.
2. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia o reembolso para quen dentro dos sectores afectados xa comprasen ditos equipos anteriormente á data do 23 de abril de 2021 do importe dos mesmos

previa presentación de factura ou xustificante de compra e dito reembolso vaia a cargo da liña de subvencións creada para tal fin.

3. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia a que dote en todas as instalacións da súa titularidade e nas dependencias que se usen con finalidades deportivas no seu ámbito pechado, culturais, sociais ou/e lectivas de ditos detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA.

4. Solicitar a este Concello o mesmo compromiso no relativo ao uso destes aparellos nas distintas instalacións de titularidade municipal ou naquelas dependencias que dependan nalgún grao desta corporación, sexa esta dependencia do ámbito que fose, e que nas mesmas se dean as condicións de insuficiente ventilación e a concorrencia de persoas.

5. Solicitar que de xeito conxunto a Xunta de Galicia e a FEGAMP doten destes detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA a todos os centros onde se desenrolen actividades sociais, culturais, educativas, lúdicas e de calquera carácter de interese público onde fosen necesarios para manter unha correcta ventilación.

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de abril de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para solicitar á Xunta de Galicia unha liña de subvencións para a compra de aparatos detectores de CO₂.

Pola voceira do Grupo Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda:

Modificar o texto do apartado 5 da Moción, dado que a FEGAMP non ten competencias nin orzamento para investimentos.

A Concelleira do Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila, acepta a emenda do seguinte xeito:

5. Solicitar que de xeito conxunto colaboren a Xunta de Galicia e a FEGAMP para dotar, pola Xunta de Galicia destes detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA a todos os centros onde se desenrolen actividades sociais, culturais, educativas, lúdicas e de calquera carácter de interese público onde fosen necesarios para manter unha correcta ventilación

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción coa emenda e:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que cree unha liña de subvención de concorrencia non competitiva para cubrir os custes da adquisición de detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA por parte dos sectores da hostalería, do comercio local e de calquera PEME ou persoa autónoma que o solicite para o uso en locais de difícil ventilación e ambientes pechados onde se realice de xeito regular a súa actividade comercial e exista afluencia de persoas no mesmo.

2. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia o reembolso para que dentro dos sectores afectados xa comprasen ditos equipos anteriormente á data do 23 de abril de 2021 do importe dos mesmos previa presentación de factura ou xustificante de compra e dito reembolso vaia a cargo da liña de subvencións creada para tal fin.

3. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia a que dote en todas as instalacións da súa titularidade e nas dependencias que se usen con finalidades deportivas no seu ámbito pechado, culturais, sociais ou/e lectivas de ditos detectores/medidores de CO₂ e filtros HEPA.

4. Solicitar a este Concello o mesmo compromiso no relativo ao uso destes aparellos nas distintas instalacións de titularidade municipal ou naquelas dependencias que dependan nalgún grao desta corporación, sexa esta dependencia do ámbito que fose, e que nas mesmas se dean as condicións de insuficiente ventilación e a concorrencia de persoas.

5. Solicitar que de xeito conxunto colaboren a Xunta de Galicia e a FEGAMP para dotar, pola Xunta de Galicia destes detectores/medidores de CO2 e filtros HEPA a todos os centros onde se desenrolen actividades sociais, culturais, educativas, lúdicas e de calquera carácter de interese público onde fosen necesarios para manter unha correcta ventilación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A CREACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL POSCOVID-19. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 20 de abril de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de abril, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE SAÚDE MENTAL POSTCOVID-19
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É evidente que o esforzo e traballo do persoal sanitario e a aparición das vacinas servirán para, pouco a pouco, controlar a primeira e fundamental crise producida pola COVID-19, sumado tamén ás medidas de confinamento e á responsabilidade da poboación. Pero esta crise sanitaria leva asociada e oculta unha crise de saúde mental na que as secuelas se dilatarán no tempo máis do que se agarda.

Os datos de diversos estudos que se están realizando evidencian o impacto do confinamento e, por suposto, da crise económica que terá consecuencias sociais e de saúde para as que temos que ir preparándonos. A Organización Mundial da Saúde (OMS) advertiu xa a mediados do ano pasado das consecuencias para a saúde mental que está a ter a COVID-19 no mundo e as que vai ter no futuro, cun posible aumento de suicidios e de trastornos, e instou aos distintos gobernos a non deixar de lado a atención psicolóxica.

Emocións como o medo, a incerteza, a ansiedade e a depresión convértense en patoloxías que deben ter resposta para unha volta á normalidade. A vinculación de saúde e economía é evidente; e non só a saúde física senón tamén a mental.

Tal como recolle o Plan de Saúde Mental de Galicia PostCOVID-19 2020-2024 do SERGAS, a saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais; a Saúde Mental é un estado completo de benestar físico, mental e social.

A saúde mental é unha materia de interese para todos e non só para aqueles afectados por un trastorno mental, pois a saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais: é un estado completo de benestar físico, mental e social, no que calquera persoa pode conseguir os seus obxectivos e ser capaz de facer fronte á tensión da vida, traballar de maneira frutífera e contribuír á súa comunidade. A saúde mental é unha materia de interese para todas as persoas e non só para aquelas afectadas por un trastorno mental.

Neste caso os grupos en maior risco son o persoal sanitario e de primeira resposta, coa ansiedade e tensión que están a vivir, nenos e adolescentes, mulleres con risco de violencia doméstica, as persoas que viven nunha situación de soidade non desexada, os maiores, polo

risco de ser infectados, persoas con condicións mentais preexistentes ou outras enfermidades, que teñen máis difícil seguir recibindo tratamento. E tamén persoas que vexan alterada a súa capacidade económica, persoas que se previamente eran vulnerables, agora sono máis. Ou sen ser previamente vulnerables; simplemente persoas que se enfrontan ao futuro cos medos e incertezas que antes se citaban. Intentos de suicidio ou abuso de substancias son situacións que se incrementaron tras a crise económica de 2008 e que volven darse no contexto no que estamos e que podería empeorar nos vindeiros meses.. Polo tanto, en saúde mental, e en palabras da OMS, "non están a recibir a atención que requiren", algo que se agudiza pola falta de investimento e prevención neste terreo antes da chegada da pandemia.

Na sanidade pública galega hai menos de catro psicólogos clínicos por cada 100.000 habitantes, o que provoca a demora na atención e unha maior periodicidade entre consultas. Estas deficiencias no sistema público non deixan outras alternativas aos pacientes cá medicación, ou a sanidade privada, á que a gran maioría da cidadanía non pode acceder.

Ante esta situación, dende o Grupo Municipal Podemos-Marea da Vila propoñemos apostar polo reforzo da Saúde Mental na liña que marca o Plan de Saúde Mental de Galicia PostCOVID19 do SERGAS, que toma como referencia o Plan de Acción sobre Saúde Mental 2013-2020 da OMS e para iso suxerimos tres liñas de actuación:

Por unha banda, na provincia de Pontevedra, segundo datos do Instituto Galego de Estatística existían no ano 2019 un total de 10 unidades de saúde mental de adultos (fronte ás 20 da provincia de A Coruña) e 2 unidades de saúde mental infanto-xuvenil (fronte ás 4 existentes na provincia de A Coruña). Un número insuficiente e que crea unha situación precaria deste servizo que xa existía antes da aparición da COVID-19, polo que pedimos que se incremente dito servizo en persoal e recursos en prevención do aumento de usuarios afectados por patoloxías mentais.

Como segunda liña de acción, tamén propoñemos a creación e dotación de recursos dos Equipo de Tratamento Asertivo Comunitario (ETAC) en tódolos hospitais comarcais seguindo o modelo do ETAC da área sanitaria de Ferrol. Equipos completamente dotados para cada distrito sanitario. Estes equipos son os que se desprazan a domicilio garantindo a asistencia integral do paciente na súa contorna en coordinación cos recursos socio-sanitarios dispoñibles na nosa comunidade. Polo tanto, cremos que é unha boa medida para dar asistencia a aqueles pacientes e usuarios que non poidan desprazarse e necesiten atención, á vez que se cumpren protocolos de distanciamento social que seguramente nos acompañarán durante bastante tempo. Conxuntamente, deberíanse crear Centros de Atención Diaria Públicos para persoas con trastornos mentais graves en todas as áreas sanitarias. Estes últimos centros facilitarían que o servizo chegase a toda a poboación que o requirise sen ter que depender exclusivamente dos ETAC dada a actual distribución dos mesmos.

E unha terceira liña sería a creación de Gabinetes Psicolóxicos Municipais, servizo gratuíto de atención psicolóxica para axudar, non só as persoas usuarias de Servizos Sociais como ata o de agora, senón a toda a cidadanía que precise facer fronte aos problemas emocionais e psicolóxicos, tanto derivados da pandemia, como doutro tipo de cuestións xeradoras de estrés ou ansiedade. Servindo como referentes os xa existentes Gabinetes Psicopedagóxicos Municipais, os cales prestarían un servizo de primeira necesidade a usuarias que o requirisen. Estes Gabinetes traballarían coordinada e coparticipadamente cos distintos ETAC e coas áreas de psicoloxía dos centros médicos. Para o desenvolvemento coordinado de ambos entes débese crear un plan estratéxico de acción e intervención que garanta a coordinación das áreas municipais de psicoloxía que se doten cos ETAC e desenrole plenamente as accións de prevención e promoción da saúde propias nas competencias dos concellos conxuntamente coas unidades de saúde mental.

Así pois dende o Grupo Municipal Podemos Marea da Vila queremos incidir no necesario destas medidas de reforzo que garantan a saúde, incluída a mental neste caso.

Por todo o exposto presentamos para o seu debate e aprobación se procede os seguintes

ACORDOS:

1. Que o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa inste ao SERGAS e ao Goberno da Xunta de Galicia á ampliación e reforzo das unidades de saúde mental da Área Sanitaria Pontevedra e o Salnés.
2. Que o Concello de Vilagarcía solicite ao Goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a creación do ETAC (Equipo de Tratamento Asertivo Comunitario), co obxectivo de garantir o servizo de

saúde mental a domicilio de pacientes e usuarias no noso hospital comarcal de O Salnés.

3. Instar á Xunta de Galicia a realizar unha diagnose sobre o impacto da COVID-19 na saúde mental da poboación galega que reflecta a realidade do noso Concello.

4. Diseñar un plan de saúde mental municipal co fin de dotar ao Concello de Vilagarcía de Arousa dunha estratexia para abordar as políticas de mellora neste ámbito que inclúa:

- A Creación dun Gabinete Psicolóxico Municipal para complementar e coordinarse co servizo que teña que prestar o ETAC ás distintas pacientes e usuarias do concello.

- Un programa de asesoramento e apoio en saúde mental a entidades sociais e profesionais que facilite a detección precoz de problemas psicolóxicos durante as súas actividades.

- Apoio ás entidades que traballan na inserción sociolaboral e psicosocial das persoas con problemas de saúde mental, para reforzar os servizos e programas de acompañamento e orientación no ámbito laboral ás persoas afectadas, baixo supervisión pública e cláusulas sociais.

- Desenvolvemento das competencias municipais en materia de saúde e sanidade. Reivindicación do papel dos concellos en materia de promoción da saúde, hábitos de consumo e saúde ambiental.

- Reactivación de tódolos órganos de participación do noso concello para a elaboración de plans de saúde mental coa participación de profesionais da rede de saúde mental pública, persoas relevantes do campo da saúde mental no noso concello e persoal con experiencia propia.

- Integración do noso Concello nos órganos de participación que dende o SERGAS e as distintas administracións van a desenvolver e avaliar as distintas liñas do Plan de Saúde Mental de Galicia PostCOVID-19 2020-2024 do SERGAS.

- A realización de campañas de sensibilización e contra a estigmatización das persoas con problemas de saúde mental.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de abril de 2021.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación dun Plan Municipal de Saúde Mental PosCOVID-19.

A voceira do Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda:

Suprimir o apartado 4 por tratarse dunha competencia impropia.

Pola Concelleira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5).

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada e:

1. Que o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa inste ao SERGAS e ao Goberno da Xunta de Galicia á ampliación e reforzo das unidades de saúde mental da Área Sanitaria Pontevedra e o Salnés.

2. Que o Concello de Vilagarcía solicite ao Goberno da Xunta de Galicia e ao SERGAS a creación do ETAC (Equipo de Tratamento Asertivo Comunitario), co obxectivo de garantir o servizo de saúde mental a domicilio de pacientes e usuarias no noso hospital comarcal de O Salnés.

3. Instar á Xunta de Galicia a realizar unha diagnose sobre o impacto da COVID-19 na saúde mental da poboación galega que reflecta a realidade do noso Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A QUE AXILICE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A MELLORA DA DEPURADORA DE VILAGARCÍA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 20 de abril de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de abril de 2021 a seguinte

MOCIÓN:

“Instar ao goberno local a que axilice a modificación puntual do PXOM para a mellora da depuradora de Vilagarcía”

EXPOÑEN

O goberno da Xunta de Galicia anunciou recentemente o seu compromiso de investir en Vilagarcía de Arousa un total de 33,6 millóns de euros durante os próximos anos nas áreas de saneamento e depuración para mellorar a vida da cidadanía e dotar a esta cidade de infraestruturas á medida do seu tamaño e a súa relevancia.

Esta clara aposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adquire maior relevancia ao tratarse de proxectos clave como os da ampliación da depuradora, a construción de tanques de tormenta ou a renovación de tubaxes e canalizacións, todas elas, responsabilidades municipais, que sen embargo levan anos pendentes de execución.

En recentes declaracións da titular da consellería, Ethel Vázquez, facía fincapé en que a Xunta de Galicia “axuda aos concellos e colabora con eles para que poidan prestar uns servizos municipais de abastecemento, saneamento e depuración axeitados e de calidade aos veciños”, independentemente das cores políticas dos distintos gobernos locais, como queda patente no caso de Vilagarcía de Arousa.

O Goberno galego leva investidos máis de 1.100 millóns de euros en actuacións de saneamento e abastecemento en apoio aos concellos desde 2009 e nos vindeiros anos ampliará ese esforzo investidor en máis de 33 millóns de euros máis só en Vilagarcía.

As actuacións previstas para esta cidade permitirán duplicar por case 2,5 a capacidade actual de tratamento das augas na depuradora da cidade e a desodorización do entorno. Paliaranse os efectos das inundacións e verquidos coa renovación da rede de saneamento e a instalación de novos tanques de tormenta en Rodrigo de Mendoza (máis de 2.000 m³), na Rúa Valle-Inclán (3.700 m³) e instalárase un novo tramo de colector na Avenida de Cambados (181 metros de lonxitude).

Sen embargo, esta gran aposta da Xunta de Galicia para resolver deficiencias acumuladas pola falta de investimento municipal precisa de axilizar o marco legal e urbanístico que o faga posible. Así, o goberno municipal, ten que promover unha modificación puntual do PXOM que permita cambiar o uso da parcela na que se ampliará a depuradora. Do mesmo xeito, o propio Concello de Vilagarcía terá que solicitar formalmente a execución das obras e poñer os terreos á disposición da Xunta para facelo posible.

En definitiva, que a Xunta, que é a administración que fará posible esta inversión millonaria precisa que o goberno local desatase a actual situación e que o faga canto antes para que os veciños e veciñas de Vilagarcía poidan beneficiarse dun investimento millonario nunha área clave, que mellorará as súas vidas e os seus servizos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía de Arousa,

solicita ao Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que o goberno local promova as modificacións legais necesarias no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) pola vía da modificación puntual.
2. Que axilice o procedemento legal e normativo necesario para que a Xunta de Galicia poida facer efectivos os investimentos anunciados para a demandada ampliación da depuradora de Vilagarcía e do resto de actuacións previstas para a mellora dos servizos de titularidade municipal.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de abril de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a que axilice a modificación puntual do PXOM para a mellora da Depuradora de Vilagarcía.

O voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos presenta a seguinte emenda:

- Facer unha campaña municipal para que a cidadanía non tire toallíñas e outros elementos dañinos á rede de saneamento.

O Grupo Municipal do PP non acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo Político Municipal do PP para instar ao Goberno Local a que axilice a modificación puntual do PXOM para a mellora da Depuradora de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA EN COMÚN, BNG, PODEMOS-MAREA DA VILA, CIUDADANOS E PP PARA REGULAR A DECLARACIÓN DE ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE PÚBLICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, BNG, Podemos-Marea da Vila, Ciudadanos e PP , coa data de 21 de abril de 2021, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez en calidade de Voceiro do Grupo municipal de Vilagarcía en Común,

Lucía César Veloso como Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, María de la O Fernández González como Voceira do Grupo Municipal de Marea Da Vila, David Higinio Oliveira Barreiro como Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos e Ana María Granja Guillán como Voceira do Grupo municipal do Partido Popular. Propoñen para a súa consideración polo Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de abril do 2021, a seguinte MOCIÓN:

PARA REGULAR A DECLARACIÓN DE ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL

Debe ser preocupación permanente dos gobernantes ampliar ao máximo a participación cidadá en todos os ámbitos e actividades tendentes a mellorar as condicións de vida dos cidadáns.

Para canalizar e facilitar a participación cidadá en relación co asociacionismo existe respecto diso en España a Lei Orgánica 1/2002 Reguladora do Dereito de Asociación que, no seu Capítulo VI correspondente a medidas de fomento, imperativamente obriga ás administracións públicas a promover e facilitar o desenvolvemento das asociacións e federacións, confederacións e unións que persigan finalidades de interese xeral, respectando sempre a liberdade e autonomía fronte aos poderes públicos, e a ofrecer a colaboración necesaria ás persoas que pretendan emprender calquera proxecto asociativo.

Unha vez fomentado o dereito de asociación, deben as administracións públicas premiar, co recoñecemento público e incentivos fiscais, a aquelas asociacións que se distingan na consecución de obxectivos de interese xeral.

O acceso aos incentivos fiscais, por parte das entidades declaradas de especial interese, están contemplados e regulados na lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e incentivos fiscais, e no R.D. Legislativo de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

No caso concreto de Vilagarcía, son moitas as entidades e asociacións que atendendo a súa actividade podían ter cabida dentro da cualificación de Especia Interese ou Utilidade pública Municipal.

En virtude da norma, e contemplando o escenario asociativo de Vilagarcía, poderían acceder a esta declaración todas as asociacións que nos seus estatutos promovan a participación dos cidadáns e sexan de carácter cívico, educativo, científico, da memoria, cultural, deportivo, xuvenís, sanitario, de promoción dos dereitos humanos, de asistencia social, de cooperación para o desenrolo, de promoción da muller, de promoción e protección da familia, de protección da infancia, de fomento da igualdade de oportunidades e da tolerancia, de defensa do medio ambiente, de protección animal, de fomento da economía social ou da investigación, de promoción do voluntariado social, de defensa dos consumidores e usuarios, de axuda a colectivos con adicións, de promoción e atención as persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais, e calquera outros de similar natureza.

Entendemos que en Vilagarcía tamén é necesario dar pasos encamiñados a recoñecer e facilitar o asociacionismo, promover a participación, dar voz nos foros municipais as entidades e asociacións para que, ben de modo individual ou colectivo, podan dirixir iniciativas de forma directa ao Pleno Municipal, poidan xestionar ou participar da xestión da programación de actividades, ser escoitados sobre como mellorar o sistema de axudas destinadas ao fomento das actividades e os fins que levan a cabo.

Dende fai tempo, no Pleno Municipal de Vilagarcía aprobouse unha moción para a creación do Consello Local da Cultura, que aínda non foi constituído. Tampouco temos unha ordenanza de participación que regule cales son os mecanismos de comunicación, participación e implicación das asociacións ca administración local e os seus órganos de goberno e control. Neste eido, son moitos os concellos que optan por dar voz as Asociacións e entidades de especial interese público municipal, de forma activa, outorgándolle a posibilidade de poder presentar mocións de forma directa ao pleno da Corporación, e mesmo a participar nas comisións informativas.

Mediante a proposta de acordo que acompaña a esta moción, pretendese ir establecendo pasos de participación Directa das asociacións e entidades que traballan na nosa vila, vendo desta maneira satisfeita a súa reivindicación de mais participación/colaboración activa na vida municipal, e de forma particular a aquelas que polo destacado da súa actividade poidan acceder a ser declaradas de especial interese e utilidade pública municipal, figura que está recollida tamén a nivel autonómico, e en moitos concellos tanto da nosa comunidade como no resto do

estado.

Polo tanto, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Crear con carácter prioritario unha comisión de traballo, onde estean representados todos os grupos municipais, para que elaboren o texto dunha posible ordenanza que regule a declaración de Asociación ou entidade de Especial interese ou utilidade municipal, que sexa debatida e aprobada se é o caso no vindeiro Pleno Municipal.

2.- Crear una comisión de traballo, onde estean representados todos os grupos municipais, para elaborar a modificación da actual ordenanza de participación cidadá, para actualizala ampliando as posibilidades de participación da veciñanza e das asociacións e entidades.

3.- Incorporar as ordenanzas fiscais, nas que legalmente sexa posible os incentivos, exencións o reducións sobre os impostos e taxas municipais das que as entidades e asociacións de especial interese ou utilidade municipal podan ser beneficiarias.

4.- Incorporar a declaración de Asociación ou entidade de especial interese ou utilidade municipal, como un criterio de puntuación e valoración no acceso as axudas que en cada ámbito se poidan aprobar.

En Vilagarcía de Arousa a 20 de abril do 2021.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, BNG, Podemos-Marea da Vila, Ciudadanos e PP para regular a declaración de Entidade ou Asociación de Especial Interese ou Utilidade Pública.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, BNG, Podemos-Marea da Vila, Ciudadanos e PP para regular a declaración de Entidade ou Asociación de Especial Interese ou Utilidade Pública.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210429&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202010429&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202010429&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202010429&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=202010429&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.